

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O
CONCELLO DE OIA PARA A ADECUACIÓN ZONA DE DESPEGUE DE PARAPENTE.
MIRADOR DAS PENIZAS**

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co Concello de Oia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte á data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2022.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre Axencia Turismo de Galicia e o concello de Oia para adecuación zona de despegue de parapente; mirador das Penizas.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Comunidade Autónoma de Galicia ten competencias, con carácter exclusivo, tal e como se desprende do contido do seu Estatuto de Autonomía, en materia de promoción e ordenación do turismo dentro da comunidade (artigo 27.21).

Tal e como establece a Lei 7/2011, de 27 de outubro, do turismo de Galicia, a Xunta de Galicia, propiciará unha ordenación racional, equilibrada e sustentable dos recursos turísticos co obxectivo de garantir o equilibrio territorial e, para conseguir este fin, establecerá as pertinentes canles de cooperación con outras administracións tanto estatais como autonómicas e locais, así como co sector privado.

A Axencia de Turismo de Galicia é a entidade da Xunta de Galicia á que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de ordenación, promoción, xestión e fomento do turismo.



A Axencia de Turismo de Galicia ten entre os seus obxectivos básicos levar a cabo accións de potenciación e desenvolvemento do turismo na Comunidade Autónoma de Galicia, como un factor de crecemento económico, polo que entre as súas prioridades está a de contribuír á realización de actuacións que impliquen conseguir este obxectivo.

Segundo.- As entidades locais teñen atribuídas, a teor dos artigos 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e 25.2 h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, posto en relación coa Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, competencias en materia de información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.

Entre as competencias que, no relativo ás relacións coas entidades locais galegas, lle corresponden á Xunta de Galicia, de acordo co disposto nos artigos 194 e 195 da Lei 7/1997, do 22 de xullo, de administración de Galicia, está a de cooperación e colaboración, as cales se poden levar a cabo mediante a formalización de convenios.

Para lograr esta finalidade a Axencia de Turismo de Galicia, acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio ás iniciativas das entidades locais.

Terceiro.- - O Concello de Oia no seu propósito de fomentar as actividades turísticas e culturais, como un importante sector de desenvolvemento nas zonas rurais, está a promover todos aqueles aspectos e actuacións que faciliten o acceso de todos os veciños e visitantes a aquelas zonas que pola súa importancia turística merecen ser visitadas.

Un dos motores económicos do Concello é o sector turístico. O Mosteiro de Oia, o Camiño Portugués da Costa, a presenza do mar, o carril bici e o seu entorno natural, así como as boas comunicacións, fan de Oia un destino interesante para a práctica de actividades deportivas ao aire libre.

Cuarto.- Preténdese executar as obras necesarias para a mellora das zonas de despegue de parapente utilizadas polos afeccionados e empresas de turismo activo dentro da súa estratexia de aposta polo turismo deportivo e de natureza.

Actualmente existe unha zona de despegue que presenta un estado insuficiente e precisa de actuacións de mellora así como de sinalización.



Ademais, este lugar é un miradoiro natural espectacular por onde vai a descender unha nova proposta de ruta de bicicleta de montaña que se vai a implementar dentro do "Plan de turismo sostible en destino" que se vai a executar dentro dos próximos anos.

Neste lugar, existe unha mesa panorámica instalada nas inmediacións do punto acondicionado como pista de despegue. A pista de despegue está habilitada mediante céspede artificial, pero moitas das pezas atópanse levantadas, xa que non están fixadas ao terreo.

É preciso realizar unha obra de acondicionamento da superficie de despegue así como poder incluír algún elemento que mellore a estancia dos visitantes así como a preparación e espera dos clientes das empresas de turismo activo. Así mesmo, propóñense varias accións de sinalización e a inclusión de elementos específicos de uso por parte dos parapentistas.

Que a través deste convenio, outórgase ó Concello de Oia unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela
O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

